

ral e verteduras ao mar; o Real decreto 1870/1985, do 11 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de abastecemento de auga, saneamento, canalización e defensa de marxes e o Real decreto 534/1988, do 27 de maio, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de acción territorial.

En consecuencia, sobre a base destas previsións legais, procede completar os traspasos aprobados polos citados reais decretos mediante a ampliación de determinados bens patrimoniais. Con esta ampliación os inmobles relacionados quedan traspasados na súa totalidade á Comunidade Autónoma de Galicia.

B) Bens inmobles que son obxecto de ampliación.

Modifícase a titularidade dos bens inmobles que resultan das especificacións contidas na relación adxunta número 1.

C) Documentación e expedientes dos inmobles que se traspasan.

A entrega da documentación e expedientes dos inmobles que se traspasan realizarase no prazo de seis meses desde a data de efectividade deste acordo.

D) Data de efectividade.

A ampliación dos medios patrimoniais obxecto deste acordo terá efectividade a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

E, para que conste, expedimos esta certificación en Madrid o 23 de decembro de 2008. Os secretarios da Comisión Mixta. Asdo.: Carmen Cuesta Gil e Xoán Antón Pérez-Lema López.

Relación número 1

Bens inmobles que se traspasan
Comunidade Autónoma de Galicia

Inmoble	Localidade	Situación xurídica	Superficie en m ²
Edificio de Monelos. R/ Salvador de Madariaga	A Coruña	Propiedade	4.813,00
Avda. da Habana, 105	Ourense	Propiedade	697,00
R/ Benito Corbal, 47	Pontevedra	Propiedade	293,00
TOTAL			5.803,00

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 16 de xuño de 2010 pola que se dispón a renovación dun vogal no Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña.

A Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, texto reformado pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, no seu artigo 40 atribúelle ás comunidades autónomas as facultades de designación e separación dos vogais dos consellos de administración das autoridades portuarias de interese do Estado situadas no seu territorio, que deberán facerse necesariamente por proposta das administracións públicas e entidades e organismos que representen naqueles.

O acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de xaneiro de 2002, modificado polo do 6 de xuño de 2002, faculta o titular da consellería competente en materia de portos para o exercicio das devanditas competencias.

Polo exposto, en exercicio da facultade atribuída

DISPOÑO:

Por proposta da Xunta Directiva da Confederación de Empresarios da Coruña, a renovación do mandato

de Antonio Fontenla Ramil como vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña, en representación da Confederación de Empresarios da Coruña.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2010.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 24 de xuño de 2010 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2010, e se actualizan con efectos 1 de xuño as contías das súas retribucións.

A Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o

ano 2010, regula no seu título II os gastos de persoal ao servizo do sector público da comunidade autónoma. Así mesmo, a Orde do 14 de xaneiro de 2010, da Consellería de Facenda, recolle as instrucións necesarias para a confección das nóminas do dito persoal.

O Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, adopta entre outras medidas de redución das retribucións do persoal ao servizo do sector público nunha media dun cinco por cento, con efectos do 1 de xuño de 2010, e con respecto ás vixentes o 31 de maio deste mesmo ano. Como consecuencia disto, a Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a dita Lei 9/2009, procede a ditar novas instrucións en relación coa confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

As modificacións afectan as retribucións básicas e as complementarias, así como a paga extraordinaria do mes de decembro dos empregados públicos incluídos no seu ámbito de aplicación. As retribucións básicas do grupo E, agrupacións profesionais da Lei 7/2007, non están afectadas pola redución.

A redución de retribucións afecta tamén os membros do goberno e resto de altos cargos, en función do rango que teñan segundo as súas respectivas normas reguladoras, e o persoal eventual regulado no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. Tamén afecta os membros do Consello de Contas de Galicia, do Consello Consultivo de Galicia e do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

Así mesmo, a redución é de aplicación ás persoas titulares das presidencias e vicepresidencias e, se é o caso, das direccións xerais, xerencias, outras direccións ou asimilados cando lles corresponda o exercicio de funcións executivas de máximo nivel, nos centros de xestións do Servizo Galego de Saúde, nas axencias públicas autonómicas, nas fundacións públicas sanitarias, demais fundacións do sector público da comunidade autónoma e restantes sociedades públicas autonómicas e os consorcios a que se refire o artigo 48.1º g) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de acordo co criterio establecido no artigo 16.cinco B) da Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Coa finalidade de facilitar a confección das nóminas, esta consellería considera oportuno ditar as seguintes instrucións, que se limitan a aplicar o disposto na Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, do 23 de decembro de 2009, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, consecuencia da aplicación das medidas extraordinarias do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, e noutras normas precedentes, polo que respecta ás súas normas reguladoras do réxime

retributivo do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Por outra parte, dítanse tamén instrucións para facilitar a confección de nóminas do persoal incluído no V convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, publicado no DOG do 3 de novembro de 2008, por Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o seu rexistro, depósito e publicación.

A aplicación do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, non afecta a contía dos haberes reguladores do réxime de clases pasivas do Estado regulados no título IV da Lei de orzamentos xerais do Estado.

En canto ao persoal funcionario suxeito ao réxime xeral da Seguridade Social, continuará cotizando de acordo con este sistema tendo en conta que de conformidade co disposto na disposición adicional sétima do Real decreto lei 8/2010, desde o 1 de xuño ao 31 de decembro de 2010 a base de cotización por todas as continxencias dos empregados públicos encadrados no réxime xeral da Seguridade Social cuxas retribucións sexan obxecto do axuste previsto no dito real decreto lei, mentres permaneza a súa relación de servizo ou laboral, será coincidente coa aplicable no mes de maio de 2010, excepto que por razón das retribucións que perciban puider corresponder unha de maior contía, caso en que será esta pola que se efectuará a cotización mensual.

Para os efectos do indicado no parágrafo anterior, da base de cotización correspondente ao mes de maio de 2010 deduciranse, se é o caso, os importes dos conceptos retributivos que teñan unha periodicidade no seu devengo superior á mensual ou que non teñan carácter periódico e que integrasen a dita base sen que fosen obxecto de rateo.

DISPOÑO:

Primeiro.-*Instrucións sobre a contía das retribucións que se aplicarán a partir do 1 de xuño de 2010 aos funcionarios públicos que desempeñan postos de traballo para os que o Consello da Xunta de Galicia aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto no Decreto legislativo 1/2008.*

1. Con efectos do 1 de xuño de 2010, a contía das retribucións dos altos cargos da Administración da comunidade autónoma, dos membros do Consello de Contas de Galicia, así como as dos altos cargos do Consello Consultivo de Galicia e os integrantes do Tribunal Galego de Defensa da Competencia aprobadas no artigo 16 da Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, son as que se reflicten no anexo I desta orde.

2. Con efectos do 1 de xuño de 2010 os funcionarios públicos que desempeñen postos de traballo para os que o Consello da Xunta de Galicia aprobou

a aplicación do réxime retributivo previsto no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, percibirán as retribucións básicas, o complemento de destino e as pagas extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro nas contías que se detallan nos anexos II e III desta orde.

3. Con efectos do 1 de xuño de 2010 a contía anual do complemento específico reducirase nun 4% en termos anuais, excepto para o persoal do grupo E, ao cal se lle aplica unha redución, con carácter persoal, do 1%.

Os importes correspondentes ao complemento específico inclúense no anexo IV desta orde, tanto as contías correspondentes ás pagas mensuais coma as das pagas adicionais dos meses de xuño e decembro de 2010. De acordo co disposto no artigo 13.Un.A) da Lei de orzamentos, á contía mensual do complemento específico que se incluírá na paga adicional do mes de xuño de 2010 non se lle aplicará ningunha redución respecto á vixente a 31 de maio de 2010.

4. As contías das retribucións do persoal docente non universitario establecidas por acordos do Consello da Xunta de Galicia, do 16 e do 23 de xaneiro de 1992, do 27 de xullo de 2006 e polo Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, son as que se reflicten no anexo V desta orde. Así mesmo, por Decreto 120/2002, do 22 de marzo, régúlese a consolidación parcial do complemento específico dos directores dos centros escolares públicos. A porcentaxe de consolidación relacionase no citado anexo V.

De igual maneira e con respecto ás pagas extraordinarias deste persoal, seralles de aplicación o establecido no punto dous destas instrucións.

Segundo.-*Devengo de retribucións.*

1. A diferenza, en cómputo mensual, entre a xornada regulamentaria de traballo e a efectivamente realizada polo funcionario dará lugar, salvo xustificación, á correspondente dedución proporcional de haberes.

Para o cálculo do valor hora aplicable á dita dedución tomarase como base a totalidade das retribucións íntegras mensuais que perciba o funcionario dividida entre o número de días naturais do correspondente mes e, pola súa vez, este resultado polo número de horas que o funcionario teña obriga de cumprir, de media, cada día.

No caso de toma de posesión no primeiro destino, no de cesamento no servizo activo, no de licenzas sen dereito a retribución e, en xeral, nos supostos de dereitos económicos que normativamente se deban liquidar por días, ou con redución ou dedución proporcional de retribucións, deberá aplicarse o sistema de cálculo establecido no parágrafo anterior.

2. Cando, con suxeición á normativa vixente, o funcionario realice unha xornada inferior á normal, a contía das súas retribucións determinarase na forma prevista nas normas ditadas para a aplicación do réxime retributivo a que estea suxeito.

a) Os funcionarios que realicen unha xornada de traballo diminuída, de acordo co disposto no artigo 76 g) do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, e no artigo 48.1º g) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, experimentarán a redución correspondente en cada caso, sobre a totalidade das súas retribucións básicas e complementarias, con inclusión dos trienios.

Para o cálculo do valor hora aplicable á dita redución nas pagas ordinarias, tomarase como base a totalidade das retribucións íntegras mensuais que perciba o funcionario dividida entre o número de días naturais do correspondente mes e, pola súa vez, este resultado polo número de horas que o funcionario teña a obriga de cumprir, de media, cada día.

O importe total da paga extraordinaria afectada por un período de tempo en xornada reducida será o correspondente á suma dos respectivos importes de cada un dos dous períodos, con e sen redución de xornada, dos seis meses computables nas ditas pagas, segundo o seguinte sistema de cálculo:

Para o período, ou períodos, non afectados pola redución de xornada pero incluídos nos seis meses anteriores ao seu devengo, sobre o dito devengo cando o número de días é inferior ao do total computable nela, dividirase a contía da paga extraordinaria que, na data do 1 de xuño ou 1 de decembro, segundo os casos, se devengaría na xornada completa por un período de seis meses, entre cento oitenta e dous (cento oitenta e tres en anos bisestos) ou cento oitenta e tres días, respectivamente, multiplicando este resultado polo número de días en que se prestase servizo sen redución de xornada.

Para o período, ou períodos, afectados pola xornada reducida, aplicarase o mesmo sistema de cálculo anterior pero tomando como dividendo a citada contía reducida de forma proporcional á propia redución de xornada.

b) Aos restantes tipos de xornada reducida, se é o caso, aplicaráselles a redución de retribución establecida na súa normativa específica.

3. As retribucións básicas e complementarias que se teña dereito a percibir con carácter fixo e periodicidade mensual farase efectivas por mensualidades completas e con referencia á situación e dereitos do funcionario referidos ao primeiro día hábil do mes a que correspondan, agás nos seguintes casos, en que se liquidarán por días:

a) No mes de toma de posesión do primeiro destino na comunidade autónoma nun corpo ou escala, no de reingreso ao servizo activo e no de incorporación por conclusión de licenzas sen dereito a retribución.

b) No mes de iniciación de licencias sen dereito a retribución.

c) No mes en que se cese no servizo activo na comunidade autónoma, incluído o derivado dun cambio de corpo ou escala de pertenza, agás que sexa por motivos de falecemento, xubilación ou retiro de funcionarios suxeitos ao réxime de clases pasivas do Estado e, en xeral, a calquera réxime de pensións públicas que se devenguen por mensualidades completas desde o primeiro día do mes seguinte ao de nacemento do dereito.

Dado que o complemento específico se percibe en catorce mensualidades, sen modificación do seu devengo, que seguirá sendo en doce, as regras previstas neste punto son de aplicación a este complemento, polo que, en caso de cambio ou cesamento no posto de traballo, liquidarase a parte que corresponda á paga adicional, do mes de xuño ou decembro segundo o semestre en que se produza o cambio, ben referida ao primeiro día hábil do mes, ben por días, segundo as ditas regras.

Deberá terse en conta, en relación coas contías, o indicado no punto Un desta orde.

De ser o caso, aplicarase idéntica regra para liquidar a cantidade correspondente respecto das citadas pagas adicionais no novo posto de traballo.

4. As pagas extraordinarias devengarase o primeiro día hábil dos meses de xuño e decembro e con referencia á situación e dereitos do funcionario nas ditas datas, agás nos seguintes casos:

a) Cando o tempo de servizos prestados na Administración da comunidade autónoma ata o día en que se devengue a paga extraordinaria non comprenda a totalidade dos seis meses inmediatos anteriores aos meses de xuño ou decembro, o importe da paga extraordinaria reducirase proporcionalmente, computando cada día de servizos prestados no importe resultante de dividir a contía da paga extraordinaria que na data do seu devengo lle correspondese por un período de seis meses entre cento oitenta e dous (cento oitenta e tres en anos bisestos) ou cento oitenta e tres, respectivamente.

b) Os funcionarios en servizo activo que se encontren disfrutando de licenzas sen dereito a retribución nas datas indicadas devengarán a correspondente paga extraordinaria, pero a súa contía experimentará a redución proporcional prevista na alínea a) anterior.

c) No caso de cesamento no servizo activo na comunidade autónoma, incluído o derivado dun cambio de corpo ou escala de pertenza, a última paga extraordinaria devengarase o día de cesamento e con referencia á situación e dereitos do funcionario na dita data pero en contía proporcional ao tempo de servizos efectivamente prestados, excepto que o cesamento sexa por xubilación, falecemento ou retiro dos funcionarios a que se refire o punto segundo 3.c); neste caso, os días do mes en que se produ-

ce o dito cesamento computaranse como un mes completo.

Para os efectos previstos nesta orde, o tempo de duración de licenzas sen dereito a retribución non terá a consideración de servizos efectivamente prestados.

Se o cesamento no servizo activo se produce durante o mes de decembro, a liquidación da parte proporcional da paga extraordinaria correspondente aos días transcorridos do dito mes farase de acordo coas contías das retribucións básicas vixentes nel.

O persoal que preste servizos na comunidade autónoma percibirá as pagas extraordinarias segundo os servizos efectivamente prestados nela, computándose para estes efectos como se todos os servizos prestados polo funcionario na comunidade autónoma fosen na última consellería, organismo ou centro ao cal estivese adscrito e en situación de activo o primeiro día hábil dos meses de xuño ou decembro.

Terceiro.-*Descostos.*

1. Con efecto do 1 de xuño de 2010 a porcentaxe de cotización que se aplicará aos mutualistas das mutualidades xerais de funcionarios manterase no 1,69% sobre a base de cotización establecida como haber regulador para os efectos de cotización de dereitos pasivos.

No anexo VI desta orde exprésanse as cotas mensuais de cotización dos funcionarios á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (Muface) e do persoal da Administración de xustiza (Muxexu), que corresponden ao tipo do 1,69%.

2. As cotas de dereitos pasivos que os habilitados do persoal deben reter en nómina cada mes continuarán sendo do 3,86% dos haberes reguladores pasivos que fixa a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, de modo que para todos os funcionarios do mesmo corpo, escala, emprego ou categoría, calquera que sexa a súa antigüidade no servizo das administracións públicas, a cota supón unha cantidade única e idéntica.

Estas cantidades, en cómputo mensual, reflíctense así mesmo no anexo VI desta orde.

O persoal funcionario que estea suxeito ao réxime xeral da Seguridade Social, continuará cotizando de acordo con este sistema tendo en conta que, de acordo co disposto na disposición adicional sétima do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, desde o 1 de xuño ao 31 de decembro de 2010, a base de cotización por todas as contingencias dos empregados públicos suxeitos ao réxime xeral da Seguridade Social cuxas retribucións sexan obxecto do axuste previsto no dito real decreto lei, mentres permaneza a súa relación de servizo ou laboral, será coincidente coa do mes de maio de 2010, excepto que por razón das retribucións que percibisen puidese corresponder unha de maior contía, caso en que

será esta pola que se efectuará a cotización mensual.

Para os efectos do indicado no parágrafo anterior, da base de cotización correspondente ao mes de maio de 2010 deduciranse, se é o caso, os importes dos conceptos retributivos que teñan unha periodicidade no seu devengo superior á mensual ou que non teñan carácter periódico e que integrasen a dita base sen que fosen obxecto de rateo.

3. As cotas de dereitos pasivos e de cotización dos mutualistas ás mutualidades xerais de funcionarios correspondentes ás pagas extraordinarias reduciranse na mesma proporción en que se minoren as ditas pagas como consecuencia de aboarse estas en contía proporcional ao tempo de servizos efectivamente prestados, calquera que sexa a data do seu devengo.

As cotas a que se refire o parágrafo anterior, o mesmo que as correspondentes ás pagas ordinarias dos períodos de tempo en que se disfrute licenza sen dereito a retribución, non experimentarán redución na súa contía.

4. O disposto nos números anteriores enténdese sen prexuízo das reducións que deba experimentar a cota de dereitos pasivos nos supostos en que así proceda por xornada reducida ou a tempo parcial.

Cuarto.-*Outras instrucións.*

1. Con efectos do 1 de xuño de 2010 o persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V convenio colectivo único, percibirá o salario base, complementos, antigüidade, pagas extraordinarias e contías adicionais nos importes que se detallan no anexo VII.

O complemento de singularidade corresponderá aos postos en que figure, se é o caso, nas relacións de postos de traballo aprobadas polo respectivos acordos do Consello da Xunta de Galicia.

De acordo co disposto nos artigos 13.Un.B).4 e 15.Un.B) da Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, de 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, con efectos do 1 de xuño deste ano o resto dos complementos salariais reducirase nun 5% sobre as contías vixentes a 31 de maio de 2010. Non obstante, a distribución definitiva da redución da masa salarial poderá alterarse mediante negociación colectiva nos termos que dispón a dita Lei de orzamentos.

2. Os complementos persoais e transitorios e demais retribucións que teñan análogo carácter rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto na Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, manténdose nas mesmas contías que en 1 de xaneiro de 2010.

3. Os funcionarios interinos incluídos no ámbito de aplicación do artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, percibirán as retribucións básicas, incluídos trienios e pagas extraordinarias, e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo para o que sexan nomeados, excluídas as que, se é o caso, estean vinculadas á condición de funcionario de carreira.

As pagas extraordinarias dos funcionarios interinos, aos cales resulte de aplicación o réxime retributivo do Decreto lexislativo 1/2008, terán un importe, cada unha delas, dunha mensualidade de soldo, trienios e complemento de destino mensual que perciba, séndolles de aplicación o establecido no punto dous destas instrucións.

O complemento de produtividade poderá atribuírse, se é o caso, aos funcionarios interinos a que se refire o parágrafo anterior, así como ao persoal eventual e aos funcionarios en prácticas cando estas se realicen desempeñando un posto de traballo e estea autorizada a aplicación do devandito complemento aos funcionarios de carreira que desempeñen análogos postos de traballo, agás que o dito complemento estea vinculado á condición de funcionario de carreira.

4. As retribucións do persoal contratado administrativo a que se refire a disposición transitoria oitava do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, introducida pola Lei 4/1991, do 8 de marzo, mentres non se conclúa o proceso de extinción previsto na dita lei, serán, con efectos do 1 de xuño de 2010, as mesmas que viñan percibindo ata o 31 de maio de 2010 reducidas na porcentaxe que corresponda segundo o grupo e nivel a que estea asimilado.

5. Con efectos do 1 de xuño de 2010 e de conformidade co disposto no artigo 24.Dous) da Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, cando non sexan de aplicación as retribucións establecidas no artigo 20 da dita lei, estas serán as mesmas que viñan percibindo ata o 31 de maio reducidas nun 5%, con respecto ás percibidas no dito mes.

No caso de que as retribucións por xornada completa do dito persoal sexan inferiores a 1,5 veces o salario mínimo interprofesional fixado polo Real decreto 2030/2009, de 30 de decembro, non se aplicará a dita redución.

6. Os funcionarios de carreira que cambien de posto de traballo na comunidade autónoma, excepto nos casos previstos na alínea a) do artigo 15 da Lei 13/1988, terán dereito durante o prazo de toma de posesión á totalidade das retribucións tanto básicas como complementarias, de carácter fixo e periodicidade mensual.

Para a aplicación do disposto nesta orde, no caso de que o termo do dito prazo se produza dentro do

mesmo mes en que se efectuou o cesamento, as citadas retribucións faraan efectivas a dependencia que dilixencie o dito cesamento e, de conformidade co disposto no referido artigo 15, por mensualidade completa e de acordo coa situación e dereitos do funcionario referidos ao primeiro día hábil do mes no que se produza o cesamento. Se, polo contrario, o dito termo recae en mes distinto ao de cesamento, as retribucións do primeiro mes faranse efectivas da forma indicada e as do segundo aboaraas a dependencia correspondente ao posto de traballo a que se accede, así mesmo por mensualidade completa e na contía correspondente ao posto en que se tomou posesión, sen prexuízo do disposto nas alíneas b) e c) do citado artigo 15 da Lei 13/1988.

7. Os titulares de postos de traballo que se supriman nas relacións de postos continuarán percibindo, ata que sexan nomeados para desempeñar outros postos de traballo e durante un prazo máximo de tres meses contados a partir da data en que produciu efectos económicos a citada supresión, co carácter de á conta do que lle corresponda polo novo posto de traballo, as retribucións complementarias correspondentes ao posto suprimido, sen que proceda ningún reintegro, no caso de que as cantidades percibidas á conta fosen superiores.

8. As referencias contidas na normativa vixente relativas a haberes líquidos para os efectos do cálculo dos anticipos reintegrables a funcionarios, entenderanse sempre feitas ás retribucións básicas e complementarias que estes perciban nos seus importes líquidos.

9. No caso de adscrición, durante o ano 2010, dun funcionario suxeito a un réxime retributivo distinto do correspondente ao posto de traballo a que se lle adscriba, este percibirá as retribucións que correspondan ao posto de traballo que desempeñe, logo da oportuna asimilación que deberá autorizar a Consellería de Facenda por proposta da consellería interesada.

10. A provisión de postos de traballo que serán desempeñados polo persoal funcionario ou a formalización de novos contratos de persoal laboral fixo, así como a modificación da categoría profesional destes últimos, requirirá que os ditos postos figuren detallados nas respectivas relacións de postos de traballo, e que o seu custo en cómputo anual estea dotado orzamentariamente ou, no seu defecto, o autorice a Consellería de Facenda.

En calquera caso, a provisión de postos de traballo de persoal funcionario requirirá a plena observancia do disposto na normativa vixente sobre incompatibilidades.

11. A alta en nómina do persoal laboral temporal e interino deberá, en todo caso, contar coa autorización establecida no artigo 31, da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

12. As referencias relativas ás retribucións contidas nesta orde entenderanse sempre feitas a retribucións íntegras, agás no previsto no punto catro número 8 dela.

13. Con efectos económicos do 1 de xuño de 2010, de conformidade co establecido no artigo 19 da Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2010, ás retribucións das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior aplicaráselles unha redución do 5% con respecto ás vixentes a 31 de maio de 2010, quedando fixadas no anexo I desta orde.

As retribucións a que se refire o parágrafo anterior imputarase ao concepto orzamentario 100.00 dentro do programa correspondente. As ditas retribucións recóllense no anexo I.

14. Así mesmo, e con efectos económicos de 1 de xuño de 2010, as retribucións do persoal que desempeñe algún posto de traballo no Servizo Galego de Saúde dos dotados no seu orzamento de gastos para este ano, conforme o anexo de persoal correspondente, así como as do resto do persoal ao cal lle resulte de aplicación o sistema retributivo da Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde (transitoriamente Real decreto lei 3/1987) e o Decreto 226/1996, do 25 de abril, polo que se regula o réxime retributivo das unidades e servizos de atención primaria e normativa complementaria, rexeranse polo disposto no punto Un.B), do artigo 21 da Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2010.

As retribucións do persoal estatutario serán as que se detallan no anexo VIII desta orde.

Calquera outro concepto retributivo non recollido expresamente nesta orde reducirase un 4% con respecto á vixente en 31 de maio de 2010, sen prexuízo de que para o persoal do grupo E, agrupacións profesionais Lei 7/2007, teñan unha redución con carácter persoal do 1%.

As retribucións do persoal residente en formación rexeranse polo establecido no Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en ciencias da saúde, experimentarán unha minoración do 5% respecto as vixentes en 31 de maio de 2010, e serán as que se detallan no anexo VIII.

15. Complementos de carreira do persoal estatutario.

a) Os complementos de carreira do persoal estatutario (categoría de licenciados sanitarios) do Servizo Galego de Saúde, recoñecidos en anos anteriores, en execución do Decreto 155/2005, experimentarán unha redución do 4% con respecto ás vixentes en 31 de maio de 2010, e para o persoal de cota a redución será do 5%.

Os complementos de carreira que se perciban a partir do 1 de xuño do ano 2010, como consecuencia de novos recoñecementos, aboaranse nas contías por grao establecidas no devandito decreto minorados na mesma porcentaxe anterior.

Contía anual por grao: 2.880 €.

Contía anual por grao para o persoal de cota: 2.850 €.

b) Con efectos do 1 de xuño de 2010, os complementos de carreira do persoal estatutario (categorías de diplomados sanitarios) que se perciban a partir do 1 de xuño do ano 2010, recoñecidos en anos anteriores, novos recoñecementos ou recoñecementos de novos graos en execución da resolución conxunta do 28 de xullo do 2006, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde e da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, en aplicación do punto catro, do artigo 13 da Lei 9/2009, aboaranse nas mesmas contías que as percibidas no ano 2009, minoradas no 4% e para o persoal de cota a redución será do 5%.

Contía anual por grao: 1.800 €

Contía anual por grao persoal de cota: 1.781,25 €.

c) Os complementos de carreira do persoal estatutario (categorías de xestión e sanitaria de formación profesional) que se perciban a partir do 1 de xuño do ano 2010, recoñecidos no ano anterior, novos recoñecementos ou recoñecementos de novos graos en execución da resolución conxunta do 25 de outubro de 2007, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde e da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, en aplicación do punto catro do artigo 13 da Lei 9/2009 aboaranse nas mesmas contías que as percibidas no ano 2009 reducidas nun 4%, sen prexuízo de que a esta retribución complementaria para o persoal do grupo E, agrupacións profesionais Lei 7/2007, teñan unha redución con carácter persoal do 1% cos seguintes importes.

Grupo/subgrupo (Lei 7/2007)	Importe
A1	2.318,40 €
A2	1.622,40 €
C1	1.046,40 €
C2	888,00 €

E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007) 717,75 €

16. Con efectos do 1 de xuño de 2010 o persoal recollido na Orde do 28 de outubro de 2008, para o acceso á carreira profesional do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade e integrado no réxime estatutario polos procesos previstos no Decreto 91/2007, percibirá como complemento de carreira os seguintes importes:

a) Para o persoal licenciado sanitario, os importes percibidos no ano 2009 por complementos de carreira experimentarán unha minoración do 4%.

A partir do 1 de xuño de 2010, os complementos de carreira que se perciban, como consecuencia de

novos recoñecementos ou recoñecemento de novos graos, aboaranse na contía de 2.880 €/ano por grao.

b) O persoal diplomado sanitario percibirá como complemento de carreira a partir do 1 de xuño do ano 2010 as mesmas contías que no ano 2009, minoradas nun 4%, sendo a contía 1.728 €/ano por grao.

c) A partir do 1 de xuño de 2010, o persoal de xestión e servizos e sanitario de formación profesional, percibirá como complemento de carreira, en aplicación do punto catro do artigo 13 da Lei 9/2009, as mesmas contías que as percibidas no ano 2009, minoradas no 4%, sen prexuízo de que esta retribución complementaria para o persoal do grupo E, agrupacións profesionais da Lei 7/2007, teñan unha redución con carácter persoal do 1%, cos seguintes importes por grao e ano:

Grupo/subgrupo (Lei 7/2007)	Importe
A1	2.275,20 €
A2	1.593,60 €
C1	1.003,20 €
C2	854,40 €

E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007) 693,00 €

17. O persoal estatutario, sanitario non facultativo e non sanitario, ao cal lle resulte de aplicación o acordo sobre aspectos retributivos e outras condicións de traballo, publicado por Resolución conxunta do 26 de xaneiro de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, con efectos do 1 de xuño de 2010, percibirá o complemento de penosidade, responsabilidade e dificultade, modalidade de quendas, conforme o réxime previsto na devandita disposición e demais de desenvolvemento, nas contías vixentes en 31 de maio de 2010, minoradas no 4%, cos importes que figuran no anexo IX, sen prexuízo de que esta retribución complementaria para o persoal do grupo E, agrupacións profesionais da Lei 7/2007, teñan unha redución con carácter persoal do 1%.

Así mesmo, o complemento de penosidade, responsabilidade e dificultade ordinario, correspondente ás categorías sinaladas no punto segundo 3) da devandita disposición, percibirase nas contías vixentes en 31 de maio de 2010, minoradas no 4%, en función do réxime de quendas concorrente e nos importes sinalados no anexo X.

18. O persoal estatutario das unidades e servizos de atención primaria a que fai referencia o artigo 1 do Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, con efectos do 1 de xuño de 2010, percibirá ademais das retribucións recollidas no anexo VIII, como complemento de produtividade fixa, os importes correspondentes conforme os factores e criterios recollidos na alínea a) do artigo 7 do Decreto 226/1996, do 25 de abril, modificado polo Decreto 156/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime retributivo do persoal das unidades e servizos de atención primaria, nas contías vixentes en 31 de

maio de 2010, minoradas no 4%, e cos importes que figuran no anexo XI.

Os médicos de familia, pediatras, odontólogos, diplomados en enfermaría e fisioterapeutas das unidades e servizos do cadro de persoal que atendan a cota de pacientes adscritos a outros profesionais percibirán, con efectos da data indicada no parágrafo anterior, como contía complementaria, os importes polos conceptos retributivos que se recollen no número 2 do artigo 4º do acordo sobre determinadas condicións de traballo e retributivas do persoal das unidades e servizos de atención primaria, publicada a Orde do 4 de xuño de 2008, pola que se publican determinados acordos sobre ordenación e provisión de postos de traballo e condicións de traballo e retributivas no ámbito de atención primaria do Servizo Galego de Saúde.

19. Os médicos de urxencias hospitalarias con efectos do 1 de xuño de 2010 percibirán como retribucións complementarias, en función dos factores concorrentes no desempeño do posto de traballo, conforme o disposto no artigo 3.2º da Resolución conxunta do 17 de abril de 2007, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e da División de Asistencia Sanitaria, pola que se regula a xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico de urxencias hospitalarias deste organismo e na Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se publica o acordo 2008-2012 para a mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en aplicación do punto catro, do artigo 13, da Lei 9/2009, as contías vixentes en 31 de maio de 2010, minoradas no 4%, e cos importes que se recollen no anexo XII.

20. Con efectos do 1 de xuño de 2010, as retribucións adicionais dos médicos dos puntos de atención continuada, conforme o disposto no acordo sobre ordenación e provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e diplomado en enfermaría dos puntos de atención continuada, publicado na Orde do 4 de xuño de 2008 pola que se publican determinados acordos sobre ordenación e provisión de postos de traballo e condicións de traballo e retributivas no ámbito da atención primaria do Servizo Galego de Saúde e na Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se publica o acordo 2008-2012 para a mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en aplicación do punto catro, do artigo 13, da Lei 9/2009, conforme os factores específicos no desempeño dos postos PAC, serán as mesmas contías vixentes en 31 de maio de 2010, minoradas no 4%, e cos importes que se recollen no anexo XVI.

21. Con efectos do 1 de xuño de 2010 as retribucións adicionais do persoal de enfermaría dos puntos de atención continuada, conforme o disposto na normativa recollida no punto anterior, en atención ás

características dos postos de traballo de PAC, serán as mesmas contías vixentes en 31 de maio de 2010, minoradas no 4%, cos importes que se recollen no anexo XVII.

22. A partir do 1 de xuño de 2010 as retribucións do persoal estatutario que percibe o seu salario polo sistema de cota reduciranse nun 5% con respecto ás vixentes en 31 de maio deste mesmo ano. Os premios de antigüidade correspondentes ao persoal de cota e zona rexeranse pola súa normativa específica, sen prexuízo da redución sinalada do 5%. Estes premios de antigüidade faranse efectivos a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte á data en que se complete o período de tres anos necesarios para o seu perfeccionamento.

23. As pagas extraordinarias do persoal do Servizo Galego de Saúde, así coma as do resto do persoal ao cal lle resulte de aplicación o sistema retributivo da Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde (transitoriamente Real decreto lei 3/1987) e o Decreto 226/1996, do 25 de abril, polo que se regula o réxime retributivo das unidades e servizos de atención primaria e normativa complementaria, terán un importe, de soldo, trienios e complemento de destino, nas contías recollidas para cada unha das pagas nos anexos II e III desta orde.

O persoal que perciba o complemento de destino en catorce mensualidades, percibirá tamén a paga extraordinaria do dito complemento en catorce mensualidades coa contía que se recolle no anexo XIII-A para a paga do mes de xuño e XIII-B para a paga do mes de decembro.

24. A partir do 1 de xuño de 2010, as retribucións correspondentes ao complemento de atención continuada do persoal do Servizo Galego de Saúde, así coma as do resto do persoal ao cal lle resulte de aplicación o sistema retributivo da Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde (transitoriamente Real decreto lei 3/1987) e o Decreto 226/1996, do 25 de abril, polo que se regula o réxime retributivo das unidades e servizos de atención primaria e normativa complementaria, serán as vixentes en 31 de maio de 2010, minoradas no 4%, coas contías que se recollen no anexo XIV.

25. O importe das pagas extraordinarias do persoal pertencente á clase de sanitarios locais (APD), así como as do persoal que se retribúe polo sistema de cota e zona, incorporará unha retribución adicional no mes de xuño polo importe que resulte de incrementar un 0,3% a contía percibida no mes de decembro do ano 2009 en aplicación do disposto no número 25 do punto cuarto da Orde do 16 de xaneiro de 2009, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2009. No mes de decembro incorporará unha retribución adicional polo importe que resulte de reducir un 5% o importe percibido no mes de xuño. A base de cálculo

lo desta retribución adicional para o persoal de novo ingreso, para o mes de xuño, será a metade do 3,62% das súas retribucións anuais fixas na súa contía e periódicas no seu devengo, excluídos, de ser o caso, os conceptos derivados de antigüidade e carreira profesional establecidas en 1 de xaneiro de 2010. A base de cálculo desta retribución adicional para o persoal de novo ingreso, para o mes de decembro será a metade do 3,62% das súas retribucións anuais fixas na súa contía e periódicas no seu devengo, excluídos, de ser o caso, os conceptos derivados de antigüidade e carreira profesional vixentes en 1 de xuño de 2010.

26. O importe da paga extraordinaria do mes de xuño do persoal laboral de institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde non suxeito ao V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia, así como do persoal residente en formación, incorporará unha retribución adicional polo importe que resulte de incrementar un 0,3% a contía percibida no mes de decembro en aplicación do disposto no número 26 do punto cuarto da Orde do 16 de xaneiro de 2009, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2009, distribuída de conformidade co previsto na normativa que lle resulte de aplicación. O importe da paga extraordinaria do mes de decembro deste persoal, incorporará unha retribución adicional polo importe que resulte de reducir un 5% o importe percibido no mes de xuño. A base de cálculo desta retribución adicional para o persoal de novo ingreso, para o mes de xuño será a metade do 3,62% das súas retribucións anuais fixas na súa contía e periódicas no seu devengo, excluídos, de ser o caso, os conceptos derivados de antigüidade e carreira profesional, establecidas en 1 de xaneiro de 2010. A base de cálculo desta retribución adicional para o persoal de novo ingreso, para o mes de decembro, será a metade do 3,62% das súas retribucións anuais fixas na súa contía e periódicas no seu devengo, excluídos, de ser o caso, os conceptos derivados de antigüidade e carreira profesional, establecidas en 1 de xuño de 2010.

27. O importe da paga extraordinaria do mes de xuño do persoal non recollido nos puntos anteriores incorporará unha retribución adicional polo importe que resulte de incrementar un 0,3% a contía percibida no mes de decembro de 2009 en aplicación do disposto no número 27 de punto cuarto da Orde do 16 de xaneiro de 2009, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2009.

O importe da paga extraordinaria do mes de decembro deste persoal incorporará unha retribución adicional polo importe que resulte de reducir un 5% o importe percibido no mes de xuño, sen prexuízo do que resulte tras a negociación colectiva en que se fixe a redución do 5% da masa salarial.

A base de cálculo desta retribución adicional para o persoal de novo ingreso, para o mes de xuño, será

a metade do 3,62% das súas retribucións anuais fixas na súa contía e periódicas no seu devengo, excluídos, de ser o caso, os conceptos derivados de antigüidade e carreira profesional establecidas a 1 de xaneiro de 2010. A base de cálculo desta retribución adicional para o persoal de novo ingreso, para o mes de decembro, será a metade do 3,62% das súas retribucións anuais fixas na súa contía e periódicas no seu devengo, excluídos, de ser o caso, os conceptos derivados de antigüidade e carreira profesional, establecidas en 1 de xuño de 2010.

No caso de que se perciban máis de dúas pagas extraordinarias, a contía adicional resultante, definida no parágrafo anterior, distribuirase entre as ditas pagas, de modo que o importe, en termos anuais, sexa idéntico ao do resto de persoal.

